

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA E O ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA**

REUNIDOS

Dunha parte,

Dona María Rozas Pérez, Concelleira de Dereitos e Servizos Sociais, Promoción Económica e Xuventude, que actúa en nome e representación do Concello de Santiago de Compostela, en virtude das competencias delegadas pola Excm. Sra. Alcaldesa-Presidenta mediante Decreto da Alcaldía do 17 de xuño de 2023, ao abeiro do disposto nos artigos 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, con CIF P1507900G e domicilio na Praza do Obradoiro, s/n, 15705 Santiago de Compostela.

E doutra,

Don,,,,,,,,,,,,, qque intervéen neste acto na súa condición de Decano e representante legal do **ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**, con NIF Q1563003A e domicilio na rúa Eduardo Pondal, nº 4, 15702 Santiago de Compostela, corporación de dereito público con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.

Ambas as dúas partes, na representación que respectivamente ostentan, recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente para a formalización do presente convenio e, para tal efecto,

EXPOÑEN

Primeiro.

O Concello de Santiago de Compostela exerce, de conformidade co disposto nos artigos 25.2.e) e 26.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as competencias de prestación obrigatoria en materia de avaliación e información de situacións de necesidade social e de atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social.

Así mesmo, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, recoñece o dereito das persoas aos servizos sociais e atribúe aos poderes públicos a responsabilidade de garantir a súa efectividade, promovendo actuacións desenvolvidas por entidades de iniciativa social que complementen o Sistema Galego de Servizos Sociais, sempre que se axusten aos requisitos legalmente establecidos.

No marco da planificación e ordenación do Sistema Galego de Servizos Sociais, a citada lei atribúe aos concellos, entre outras, as competencias de creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos, así como a colaboración no fomento dos servizos sociais especializados no ámbito local e a promoción e coordinación dos servizos sociais.

Segundo.

De conformidade co disposto no artigo 9.2 da Constitución española, corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social.

Neste marco, o Concello de Santiago de Compostela, no exercicio das súas competencias e de acordo cos principios inspiradores do Sistema Galego de Servizos Sociais, impulsa programas e actuacións orientados á promoción da inclusión social, á protección das persoas e colectivos en situación de vulnerabilidade e á mellora da súa calidade de vida, contribuíndo á construción dunha sociedade máis xusta, inclusiva e solidaria.

Terceiro.

O ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA é unha corporación de dereito público, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, de conformidade co establecido nos seus Estatutos, aprobados pola Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia do 10 de outubro de 2007 (DOG do 23 de outubro de 2007), carecendo de ánimo de lucro.

O Concello de Santiago de Compostela considera necesario facilitar o acceso ao asesoramento e á asistencia xurídica especializada ás persoas que, pola súa situación económica ou social, poidan atopar dificultades para exercer adecuadamente o seu dereito de defensa na vía administrativa previa.

Neste sentido, a prestación dun servizo de orientación e asesoramento xurídico especializado en materia administrativa e laboral constitúe un instrumento de apoio ás persoas en situación de vulnerabilidade, favorecendo o exercicio efectivo dos seus dereitos e contribuíndo á igualdade real no acceso á tutela xudicial efectiva. A intervención na vía administrativa previa resulta, en moitos casos, determinante para a adecuada defensa dos dereitos das persoas interesadas na posterior vía xurisdiccional, polo que a colaboración co Ilustre Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela responde a un claro interese público e social.

Cuarto.

O **ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** ten entre os seus fins a defensa do Estado social e democrático de dereito proclamado na Constitución, a promoción e defensa dos dereitos humanos, a colaboración no funcionamento, promoción e mellora da Administración de xustiza e a colaboración coa Administración pública no exercicio das súas funcións de interese xeral, de conformidade co disposto no artigo 4 dos seus Estatutos.

Para o cumprimento destes fins, o Colexio desenvolve, entre outras, funcións de colaboración cos poderes públicos mediante a realización de estudos, a emisión de informes, a elaboración de estatísticas e outras actuacións relacionadas cos seus fins institucionais, tanto por solicitude das administracións públicas como por iniciativa propia, de conformidade co artigo 5.1 dos seus Estatutos, co artigo 4.1.c) do Real Decreto 135/2021, do 2 de marzo, polo que se aproba o Estatuto Xeral da Avogacía Española, e co artigo 9.r) da Lei 11/2001, do 18 de setembro, de Colexios Profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Quinto.

O Concello de Santiago de Compostela e o **ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**, manteñen unha colaboración continuada orientada a facilitar o acceso ao asesoramento e á asistencia xurídica especializada das persoas en situación de vulnerabilidade social, contribuíndo á protección dos seus dereitos e á mellora da súa inclusión social.

Mediante a subscrición do presente convenio dáselle continuidade ao programa de quenda de profesionais da avogacía con especialización en dereito administrativo e laboral, destinado á prestación dun servizo de orientación, asistencia e asesoramento xurídico na vía administrativa previa e na vía laboral previa.

Este servizo ten por finalidade ofrecer apoio xurídico especializado na preparación de escritos, alegacións e recursos administrativos ou laborais que, pola súa transcendencia, poden resultar determinantes para a adecuada defensa dos dereitos das persoas interesadas na

posterior vía xurisdicional. A súa continuidade responde ao interese público de garantir que as persoas con maiores dificultades económicas ou sociais poidan acceder a un asesoramento xurídico cualificado nas fases previas ao proceso xudicial.

Sexto

A achega económica prevista no presente convenio ten a natureza de subvención directa de carácter nominativo, de conformidade co disposto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O programa obxecto deste convenio ten como finalidade o desenvolvemento dunha actividade de utilidade pública e de interese social, orientada a facilitar o acceso ao asesoramento e á asistencia xurídica especializada ás persoas en situación de vulnerabilidade, contribuíndo á protección dos seus dereitos e á consecución dunha finalidade de interese público.

En atención á natureza da colaboración e ao carácter nominativo da subvención prevista no Orzamento Xeral do Concello de Santiago de Compostela para o exercicio 2026, as partes acordan formalizar o presente convenio como instrumento xurídico para regular as condicións da súa concesión, execución, seguimento e xustificación, de conformidade coa normativa de aplicación.

Sétimo.

Logo do requirimento efectuado polo Concello de Santiago de Compostela, o **ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** presentou, con data 6 de maio de 2026, mediante anotación no Rexistro Xeral do Concello **co número 2026026882**, a documentación necesaria para a tramitación e formalización do presente convenio.

Unha vez revisada a documentación presentada e acreditado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como a existencia de crédito adecuado e suficiente nos Orzamentos Xerais do Concello de Santiago de

Compostela para o exercicio 2026, nos que figura prevista unha subvención nominativa a favor do **ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** por importe de 2.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 020 23100 4800022, as partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración co fin de regular as condicións da concesión da subvención e do desenvolvemento do programa obxecto do mesmo.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA .-OBXECTO DO CONVENIO.

O presente convenio ten por obxecto regular os termos da colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e o **ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** para o desenvolvemento do seguinte programa:

“QUENDA DE PROFESIONAIS DA AVOGACÍA CON ESPECIALIZACIÓN EN DEREITO ADMINISTRATIVO E LABORAL PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA E ASESORAMENTO XURÍDICO NA VÍA PREVIA ADMINISTRATIVA E LABORAL

O programa desenvolverase mediante a constitución dun equipo específico de profesionais da avogacía encargado da prestación dun servizo de orientación, asistencia e asesoramento xurídico especializado ás persoas destinatarias do convenio, de conformidade coas condicións establecidas no presente documento.

O custo total estimado do programa ascende a 2.000,00 euros (DOUS MIL EUROS), segundo o orzamento desagregado que figura como Anexo I, no que se detallan os conceptos subvencionables e os seus custos estimados.

SEGUNDA.- CONTIDO.

DENOMINACIÓN DO PROXECTO/PROGRAMA:

QUENDA DE PROFESIONAIS DA AVOGACÍA CON ESPECIALIZACIÓN EN DEREITO ADMINISTRATIVO E LABORAL PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA E ASESORAMENTO XURÍDICO NA VÍA PREVIA ADMINISTRATIVA E LABORAL

DESCRIPCIÓN DO PROXECTO / PROGRAMA

O programa ten por finalidade facilitar ás persoas residentes no Concello de Santiago de Compostela o acceso a un servizo de orientación, asistencia e asesoramento xurídico especializado na vía administrativa previa e na vía laboral previa, evitando que a insuficiencia de recursos económicos ou a falta de coñecementos xurídicos constitúan un obstáculo para o exercicio efectivo dos seus dereitos.

Para a prestación do servizo constituirase unha quenda específica de profesionais da avogacía con especialización en dereito administrativo e laboral. A designación dos profesionais e a tramitación das solicitudes corresponderá ao Ilustre Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela, de conformidade coas súas normas internas de organización.

A quenda especializada atenderá ás persoas que acrediten insuficiencia de recursos económicos, de conformidade cos criterios económicos aplicables en materia de asistencia xurídica gratuíta, que residan no municipio de Santiago de Compostela e precisen formular reclamacións, alegacións, recursos ou outras actuacións na vía administrativa previa ou na vía laboral previa.

O servizo comprenderá a información e orientación xurídica sobre as posibilidades de actuación en cada caso concreto, a explicación dos trámites, prazos e efectos das distintas actuacións e, cando proceda, a elaboración dos escritos, alegacións ou recursos que resulten necesarios.

O funcionamento deste servizo rexerase polas normas de organización establecidas polo Ilustre Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela para os seus servizos de orientación xurídica e pola normativa reguladora da asistencia xurídica gratuíta, naquilo que resulte de aplicación.

OBXECTIVOS

- Facilitar ás persoas en situación de vulnerabilidade o acceso a un servizo de orientación, asistencia e asesoramento xurídico especializado.
- Favorecer o exercicio efectivo dos dereitos das persoas destinatarias mediante unha adecuada actuación na vía administrativa previa e na vía laboral previa.
- Contribuír á igualdade de oportunidades no acceso á defensa dos dereitos e á prevención de situacións de exclusión social.

ÁMBITO TERRITORIAL

O programa desenvolverase no termo municipal de Santiago de Compostela. A atención prestarase na sede do Ilustre Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela, onde se tramitará igualmente o acceso ao servizo.

PERSOAS DESTINATARIAS DAS ACTIVIDADES DO PROXECTO

Serán destinatarias do programa as persoas residentes no Concello de Santiago de Compostela que acrediten insuficiencia de recursos económicos conforme aos criterios aplicables en materia de asistencia xurídica gratuíta e que precisen asesoramento ou asistencia xurídica especializada na vía administrativa previa ou na vía laboral previa.

IMPACTO PREVISTO NA COMUNIDADE DESTINATARIA DO PROXECTO, ASÍ COMO O EFECTO MULTIPLICADOR E O SEGUIMENTO

O programa pretende favorecer o acceso efectivo á orientación e ao asesoramento xurídico das persoas en situación de vulnerabilidade, contribuíndo á igualdade de oportunidades no exercicio dos seus dereitos e á mellora da súa inclusión social.

RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DO PROXECTO

O programa contará cos profesionais da avogacía adscritos á quenda especializada, así como co persoal administrativo e de coordinación necesario para a súa correcta execución.

Para o seu desenvolvemento utilizaranse os medios materiais e tecnolóxicos propios do Ilustre Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela.

AVALIACIÓN DOS RESULTADOS

A avaliación do programa realizarase mediante o seguimento do número de persoas atendidas, das actuacións desenvolvidas e do grao de cumprimento dos obxectivos previstos, información que se incorporará á memoria xustificativa da subvención.

VISIBILIDADE AO PROXECTO E COMO SE VAI DIFUNDIR

O programa difundirase entre as persoas colexiadas mediante circulares informativas e a través dos medios de comunicación e información do Ilustre Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela, así como mediante a colocación de información nas súas dependencias, sen prexuízo das obrigas de publicidade do financiamento municipal establecidas no presente convenio.

PERIODO DE EXECUCIÓN DO PROGRAMA

O programa desenvolverase durante o período comprendido entre o 1 de maio e o 30 de setembro de 2026, sen prexuízo da vixencia do presente convenio e dos prazos de xustificación establecidos na súa cláusula correspondente.

TERCEIRA.- PROTOCOLO DE ACTUACIÓN.

A execución do programa desenvolverase conforme aos seguintes criterios de actuación:

A) Correspóndelle ao **ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**:

- a) Designar as persoas profesionais da avogacía que integrarán a quenda especializada prevista neste convenio, garantindo que dispoñan da cualificación e especialización necesarias para a prestación do servizo.
- b) Establecer e xestionar o procedemento de selección, designación e organización das persoas profesionais participantes, de conformidade coa súa normativa interna e coas normas reguladoras da profesión.

- c) Organizar a prestación do servizo, facilitando ás persoas profesionais designadas a información necesaria sobre o funcionamento do programa, os seus principios reitores e as condicións de desenvolvemento das actuacións.
- d) Garantir a continuidade da atención ás persoas usuarias, procurando que a mesma persoa profesional realice o seguimento de cada expediente ata a finalización da actuación, sempre que resulte posible.
- e) Cumprir as obrigas asumidas no presente convenio e destinar a subvención concedida á finalidade para a que foi outorgada.
- f) A subscrición deste convenio non comportará, en ningún caso, a existencia de relación laboral, funcional, estatutaria, contractual ou mercantil entre o Concello de Santiago de Compostela e as persoas profesionais da avogacía que participen na execución do programa, mantendo estas a súa exclusiva vinculación co Ilustre Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela.

B) Correspóndelle ao **CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA:**

- a) Difundir a existencia deste servizo entre a cidadanía e, especialmente, entre os Servizos Sociais Comunitarios e os restantes servizos municipais que poidan derivar persoas destinatarias ao programa.
- b) Colaborar co Ilustre Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela para facilitar a adecuada coordinación institucional necesaria para o desenvolvemento do programa.
- c) Realizar o seguimento da execución do convenio e avaliar os resultados obtidos, podendo incorporar a información derivada do programa ás memorias e instrumentos municipais de planificación e avaliación.
- d) Velar polo adecuado cumprimento do convenio e adoptar, no ámbito das súas competencias, as medidas necesarias para favorecer a correcta execución do programa.

CUARTA.- FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE ASISTENCIA E ASESORAMENTO XURÍDICO

O servizo prestarase nas dependencias do **Ilustre Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela**, de luns a venres, en horario de **09:00 a 13:00 horas**, sen prexuízo das adaptacións organizativas que poidan resultar necesarias para garantir a adecuada prestación do servizo.

O Concello de Santiago de Compostela, a través dos seus servizos municipais, poderá derivar ao programa aquelas persoas que reúnan os requisitos establecidos neste convenio. Unha vez recibida a solicitude, o Ilustre Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela valorará a súa procedencia e, de ser o caso, designará unha persoa profesional da avogacía para prestar o asesoramento xurídico e realizar as actuacións que resulten procedentes na vía administrativa previa ou na vía laboral previa, incluída, cando corresponda, a redacción de alegacións, reclamacións, recursos ou outros escritos necesarios para a defensa dos dereitos da persoa interesada.

QUINTA.- PRINCIPIOS REITORES DAS ACTUACIONES OBXECTO DO CONVENIO.

As actuacións desenvolvidas ao abeiro do presente convenio rexeranse polos seguintes principios:

- a) **Voluntariedade.** A prestación do servizo terá carácter voluntario para as persoas destinatarias, respectándose en todo momento a súa libre decisión de acceder, continuar ou desistir da atención prestada.
- b) **Confidencialidade.** Toda a información obtida no desenvolvemento das actuacións terá carácter confidencial e será tratada de conformidade coa normativa vixente en materia de protección de datos persoais, co deber de segredo profesional e coas obrigas deontolóxicas propias da profesión da avogacía.
- c) **Calidade profesional.** A asistencia e o asesoramento xurídico prestaranse con sometemento aos principios de independencia, imparcialidade, dilixencia e responsabilidade profesional, de acordo coa normativa reguladora da profesión e coas normas deontolóxicas da avogacía.

d) **Respecto aos principios do Sistema Galego de Servizos Sociais.** As actuacións desenvolvidas no marco deste convenio respectarán os principios reitores previstos no artigo 4 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e, en particular, os de igualdade, atención integral e personalizada, participación, integración e normalización, coordinación, eficacia e eficiencia, planificación, avaliación e calidade.

SEXTA .- FORMACIÓN E CAPACITACIÓN DAS PERSOAS PROFESIONAIS.

O **ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** garantirá que as persoas profesionais da avogacía adscritas ao programa contén coa formación, capacitación e especialización necesarias para a adecuada prestación do servizo obxecto deste convenio.

Así mesmo, corresponderalle ao Colexio a organización, coordinación e supervisión da actuación das persoas profesionais participantes, velando polo cumprimento da normativa aplicable, das normas deontolóxicas da profesión e dos principios establecidos no presente convenio, sen prexuízo do exercicio da potestade disciplinaria que lle corresponda conforme á lexislación vixente e aos seus Estatutos.

SÉTIMA.- IMPORTE, GASTOS SUBVENCIONABLES, XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

1. Importe da subvención

O Concello de Santiago de Compostela financiará o desenvolvemento do programa obxecto deste convenio mediante a concesión dunha subvención directa de carácter nominativo por importe de **DOUS MIL EUROS (2.000,00 €)**, con cargo á aplicación orzamentaria **020 23100 4800022** do Orzamento Xeral do Concello de Santiago de Compostela para o exercicio 2026.

Esta subvención está prevista nominativamente no Anexo ao Estado de Gastos dos capítulos IV e VII das Bases de Execución do Orzamento Municipal para o exercicio 2026 e concédese ao abeiro do disposto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos destinados á mesma finalidade, sempre que o importe conxunto non supere o custo total da actividade subvencionada.

No suposto de que o custo final da actividade sexa inferior ao importe da subvención concedida, procederá o reintegro da diferenza, de conformidade co disposto no artigo 32.2 do Regulamento da Lei xeral de subvencións.

2. Gastos subvencionables e prazo de execución

Serán subvencionables os gastos que respondan de maneira indubidable á natureza da actividade subvencionada, resulten necesarios para a súa execución e **sexan realizados e efectivamente pagados ata o 30 de setembro de 2026**, de conformidade co disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Xustificación

A entidade beneficiaria **deberá presentar a documentación xustificativa antes do 30 de setembro de 2026**, mediante:

- memoria de actuación acreditativa do cumprimento da finalidade do convenio;
- memoria económica xustificativa dos gastos realizados;
- relación clasificada dos gastos efectuados;
- facturas ou documentos de valor probatorio equivalente;
- xustificantes acreditativos do pagamento dos gastos subvencionados, mediante certificación ou extracto bancario, xustificante de transferencia, cargo en conta ou calquera outro documento emitido pola entidade financeira que permita acreditar de forma fidedigna a efectiva realización do pagamento.
- declaración actualizada das axudas obtidas para o mesmo programa.

Os gastos deberán acreditarse mediante facturas e demais documentos con valor probatorio equivalente, nos termos previstos na normativa de subvencións.

No caso de que a documentación presentada resulte incompleta ou conteña defectos emendables, concederáse á entidade un prazo de dez días para a súa emenda, coa advertencia de que, de non facelo, procederáse conforme ao previsto na normativa reguladora das subvencións.

4. Pagamento

O pagamento da subvención realizarase unha vez comprobado o cumprimento da finalidade para a que foi concedida e aprobada a correspondente xustificación.

Con carácter previo ao pagamento, o **ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** deberá acreditar que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, así como que non ten débedas pendentes coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a correspondente declaración responsable ou certificación, segundo proceda.

O Concello poderá realizar as actuacións de comprobación e control que considere oportunas para verificar a correcta aplicación dos fondos públicos.

5. Incumprimentos e reintegro

O incumprimento das condicións establecidas neste convenio dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, se é o caso, ao reintegro total ou parcial da subvención, nos supostos e co procedemento previstos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os criterios de graduación dos incumprimentos serán os seguintes:

- a) O incumprimento total da finalidade do convenio, da realización da actividade subvencionada ou da obriga de xustificación dará lugar ao reintegro da totalidade da subvención.
- b) O incumprimento parcial dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou ao reintegro proporcional da subvención, en función da parte da actividade non executada ou non xustificada.
- c) As modificacións do programa ou do orzamento subvencionado realizadas sen a preceptiva autorización darán lugar á perda do dereito ao cobramento ou ao reintegro da parte da subvención afectada, de conformidade coa normativa aplicable.

OITAVA.- CONTROL, SEGUIMIENTO E COMPROBACIÓN

O **ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** someterase ás actuacións de comprobación, seguimento e control que poida realizar o **CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**, co fin de verificar o cumprimento da finalidade do convenio e a correcta aplicación dos fondos públicos concedidos.

Así mesmo, de conformidade co disposto no artigo 40.1.h) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria obrígase a facilitar canta documentación e información lle sexa requirida polo Concello, pola Intervención municipal ou polos demais órganos de control competentes.

O Concello poderá solicitar en calquera momento a documentación xustificativa que considere necesaria para comprobar a adecuada execución do programa e a correcta aplicación da subvención concedida.

En todo caso, o **ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** deberá manter durante toda a vixencia do convenio o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como das obrigas previstas no artigo 11 da mesma lei.

Para os efectos de seguimento e avaliación do programa, o **ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** facilitará ao Concello información estatística agregada sobre a execución do servizo, incluíndo, entre outros datos, o número de persoas atendidas, o número de actuacións realizadas e os resultados obtidos, sen prexuízo do cumprimento da normativa vixente en materia de protección de datos persoais e do deber de segredo profesional.

NOVENA.- INCOMPATIBILIDADES E DEBER DE ABSTENCIÓN

As persoas profesionais da avogacía que participen na execución do programa actuarán con plena independencia e imparcialidade, debendo absterse de intervir cando concorra algunha circunstancia que poida comprometer a súa obxectividade ou xerar un conflito de intereses.

En particular, serán causas de abstención:

- a) Ter vínculo de parentesco por consanguinidade ou afinidade ata o cuarto grao con calquera das persoas interesadas no asunto ou coas persoas que as representen ou asesoren, así como compartir con elas despacho profesional ou asociación para o exercicio da profesión.
- b) Ter intervindo profesionalmente con anterioridade no mesmo asunto ou manter calquera outra relación profesional que poida afectar á súa imparcialidade.
- c) Ter un interese persoal, directo ou indirecto, de carácter económico, profesional ou doutro tipo no asunto obxecto da actuación, ou manter calquera outra circunstancia que poida comprometer a súa independencia.
- d) Manter unha relación profesional, laboral ou de servizos co Concello de Santiago de Compostela ou cos seus Servizos Sociais que poida xerar un conflito de intereses na prestación do servizo.
- e) Calquera outra causa de incompatibilidade ou abstención prevista na normativa aplicable á profesión da avogacía ou na restante lexislación vixente.

DÉCIMA.- COMPROMISOS DAS PERSOAS PROFESIONAIS DA AVOGACÍA

As persoas profesionais da avogacía que participen na execución do programa comprométense, ademais de cumprir as obrigas establecidas na normativa aplicable e nas normas deontolóxicas da profesión, a:

- a) Prestar o servizo con independencia, imparcialidade, dilixencia e respecto aos dereitos das persoas destinatarias.
- b) Actuar exclusivamente no marco das actuacións obxecto deste convenio, absténdose de intervir cando concorra algunha das causas de incompatibilidade ou conflito de intereses previstas na cláusula anterior.
- c) Cumprir os requisitos de formación e especialización establecidos polo **ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** para integrar a quenda especializada.

- d) Aceptar as designacións efectuadas polo Colexio, salvo que concorra algunha causa xustificada de abstención, incompatibilidade ou imposibilidade material, suposto no que serán substituídas pola persoa profesional que designe o propio Colexio.
- e) Desenvolver as actuacións en coordinación co **ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**, co Concello de Santiago de Compostela e, cando proceda, cos Servizos Sociais Municipais, garantindo a adecuada prestación do servizo.
- f) Respectar en todo momento o deber de segredo profesional, a confidencialidade da información obtida e a normativa vixente en materia de protección de datos persoais.
- g) Cumprir os principios e obrigas establecidos no presente convenio e na restante normativa que resulte de aplicación.

DÉCIMO PRIMEIRA.- BAIXA DAS PROFESIONAIS DA AVOGACÍA

Serán causas de baixa das persoas profesionais integrantes da quenda especializada, ademais da renuncia voluntaria, as seguintes:

- a) A perda, suspensión ou limitación da condición de persoa colexiada que impida o exercicio da profesión.
- b) O incumprimento grave ou reiterado das obrigas asumidas no presente convenio ou das normas de funcionamento do servizo establecidas polo **ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**.
- c) A imposición dunha sanción disciplinaria firme ou dunha resolución xudicial firme que comporte a suspensión ou inhabilitación para o exercicio profesional.
- d) A intervención nun asunto concorrendo algunha das causas de incompatibilidade ou conflito de intereses previstas neste convenio.
- e) O rexeitamento inxustificado e reiterado das designacións ou actuacións encomendadas no marco do programa.

A apreciación das causas de baixa e a adopción da correspondente decisión corresponderán ao **ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**, de conformidade coa súa normativa interna e coa lexislación aplicable.

DÉCIMOSEGUNDA.- CONFIDENCIALIDADE DA INFORMACIÓN, PROTECCIÓN DE DATOS, PUBLICIDADE E TRANSPARENCIA.

O **ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** comprométese a garantir a confidencialidade da información e dos datos persoais aos que teña acceso como consecuencia da execución das actuacións obxecto do presente convenio, de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 (Regulamento Xeral de Protección de Datos), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e na restante normativa vixente que resulte de aplicación.

Así mesmo, as persoas profesionais que participen na execución do programa deberán respectar o deber de segredo profesional e utilizar a información obtida exclusivamente para o cumprimento das finalidades previstas neste convenio.

Co obxecto de avaliar a calidade do servizo prestado, poderán realizarse enquisas de satisfacción ás persoas usuarias, con carácter voluntario e garantindo, en todo caso, o anonimato e o cumprimento da normativa en materia de protección de datos persoais.

O **ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** deberá dar a adecuada publicidade ao carácter público do financiamento recibido, de conformidade co disposto no artigo 18.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; no artigo 31 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento; no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e no artigo 20 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Para estes efectos, fará constar en toda a documentación, publicacións, materiais divulgativos, páxina web, redes sociais, carteis e demais soportes utilizados na execución do programa que este está financiado polo Concello de Santiago de Compostela – Concellería de Dereitos e Servizos Sociais, incorporando a imaxe corporativa municipal de acordo coas normas de identidade corporativa vixentes.

Así mesmo, a entidade beneficiaria deberá acreditar o cumprimento desta obriga na fase de xustificación mediante reportaxe fotográfica, capturas da páxina web ou calquera outro medio de proba que permita verificar a correcta publicidade do financiamento municipal.

O Concello de Santiago de Compostela e o **ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** cumprirán as obrigas que lles correspondan en materia de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de conformidade coa Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, coa Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, e coa restante normativa que resulte de aplicación.

Correlativamente, a Resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións (BOE Nº 299, de 15 de decembro de 2015), no seu apartado Terceiro.1 sinala que as bases reguladoras aprobaranse e publicaranse de acordo co réxime que en cada Administración teña establecido para a eficacia das disposicións administrativas.

Na mesma resolución, no seu apartado Cuarto, regúlase o fornecemento de información da convocatoria á BDNS:

1. A información será fornecida polos órganos xestores. Dentro de cada órgano deberán establecerse os mecanismos que garantan que a convocatoria e o extracto que se fornecen á BDNS foron aprobados nos mesmos termos pola autoridade competente.
2. O órgano xestor fornecerá á BDNS en todo caso:
 - a) O texto da convocatoria na lingua española oficial do Estado.
 - b) O texto do extracto da convocatoria na lingua española oficial do Estado.
 - c) Os datos estruturados da convocatoria, na lingua española oficial do Estado. Entre eles figurará o diario oficial no que deba publicarse o extracto.

Ademais, poderá incluír:

- d) Os mesmos textos da convocatoria e do extracto nunha segunda lingua oficial.
- e) Outros documentos, como formularios de solicitude, instrucións de cumprimento, documentos de axuda e información, etc., que contribúan aos fins de publicidade e transparencia facilitando o seu acceso aos posibles interesados.

3. Darase cumprimento tamén ás obrigas previstas pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e demais normativa de aplicación, en particular ás obrigas de publicidade activa.

DÉCIMOTERCEIRA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO.

De conformidade co disposto no artigo 49.f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, constituirase unha Comisión de Seguimento como órgano encargado da interpretación, seguimento, vixilancia e control da execución do presente convenio, así como da resolución das incidencias que poidan xurdir na súa aplicación.

A Comisión estará integrada por:

- A persoa titular da Concellería Delegada da Área de Dereitos e Servizos Sociais, ou persoa en quen delegue.
- A persoa titular do Decanato do **ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**, ou persoa en quen delegue.

Actuará como secretario/a, con voz pero sen voto, un/unha empregado/a público/a adscrito/a á Área de Dereitos e Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela, designado/a pola persoa titular da Concellería.

A Comisión reunirase, con carácter ordinario, cando calquera das partes o considere necesario para o seguimento da execución do convenio e, en todo caso, antes da finalización da súa vixencia para avaliar o seu grao de cumprimento. Así mesmo, poderá reunirse con carácter extraordinario por iniciativa de calquera das partes cando concorran circunstancias que o aconsellen.

Corresponderán á Comisión, entre outras, as seguintes funcións:

- a) Realizar o seguimento da execución do convenio e avaliar o cumprimento dos seus obxectivos.
- b) Interpretar as cláusulas do convenio e resolver, de mutuo acordo, as dúbidas que poidan xurdir na súa aplicación.
- c) Propoñer ás partes a adopción das medidas necesarias para mellorar a execución do programa.

d) Coñecer das incidencias que poidan producirse durante a vixencia do convenio e formular as propostas que resulten oportunas para a súa resolución.

Para o mellor desenvolvemento das súas funcións, a Comisión poderá solicitar a asistencia do persoal técnico ou das persoas profesionais que considere conveniente, con voz pero sen voto.

DÉCIMOCUARTA.- VIXENCIA DO CONVENIO.

O presente convenio producirá efectos desde a data da súa sinatura e manterá a súa **vixencia ata o 31 de decembro de 2026**, sen prexuízo da eficacia retroactiva das actuacións subvencionables realizadas desde o 1 de xaneiro de 2026, de conformidade co previsto na normativa reguladora das subvencións e na tramitación do presente expediente.

Serán subvencionables unicamente os gastos que reúnan os requisitos establecidos neste convenio e que sexan realizados e efectivamente pagados ata o 30 de setembro de 2026, data límite para a súa xustificación, de conformidade co disposto na cláusula sétima.

No suposto de que o custo total do programa sexa superior ao importe da subvención concedida, a diferenza de financiamento será asumida polo **ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**, sen que en ningún caso a achega municipal poida superar o importe máximo establecido neste convenio.

DÉCIMO QUINTA.- NATUREZA XURÍDICA E XURISDICIÓN COMPETENTE

O presente convenio ten natureza administrativa e queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, de conformidade co disposto no seu artigo 6.

O seu réxime xurídico rexerase polo establecido nas súas cláusulas, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento; pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento; pola lexislación de réxime local que resulte de aplicación e, con carácter supletorio, polos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As cuestións que poidan xurdir na interpretación, modificación, execución ou cumprimento do presente convenio procurarán resolverse de común acordo no seo da Comisión de Seguimento prevista na cláusula décimo terceira.

De persistir a controversia, corresponderá á orde xurisdiccional contencioso-administrativa o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan suscitarse entre as partes, de conformidade co disposto nos artigos 1 e 2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO SEXTA.- RESOLUCIÓN DO CONVENIO.

O presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer nalgunha das causas de resolución previstas no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Serán causas de resolución, en particular:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen que se acordase a súa prórroga, se esta fose legalmente posible.
- b) O mutuo acordo das partes asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por calquera das partes.
- d) A imposibilidade sobrevida de executar o obxecto do convenio.
- e) A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- f) Calquera outra causa prevista na lexislación vixente.

Nos supostos de incumprimento por parte da entidade beneficiaria das obrigas derivadas do presente convenio ou da normativa reguladora das subvencións, poderá acordarse, ademais da resolución do convenio, a perda do dereito ao cobramento ou, de ser o caso, o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas, xunto cos xuros de demora correspondentes, nos termos previstos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na restante normativa de aplicación.

DÉCIMO SÉTIMA.- EFECTOS DE RESOLUCIÓN E CUMPRIMENTO DOS COMPROMISOS ASUMIDOS

A extinción ou resolución do presente convenio non eximirá ás partes do cumprimento das obrigas e compromisos validamente asumidos durante a súa vixencia que, pola súa natureza, deban manterse ata a súa completa execución.

De conformidade co disposto no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando a resolución do convenio non imposibilite a continuación das actuacións en curso e resulte conveniente para o interese público, as partes poderán acordar a finalización das actuacións iniciadas, establecendo o prazo improrrogable para a súa conclusión.

A resolución do convenio entenderase sen prexuízo das actuacións de comprobación, control financeiro, reintegro e demais consecuencias previstas na normativa reguladora das subvencións que resulten de aplicación.

E, en proba de conformidade, as partes asinan electronicamente o presente convenio, producindo efectos na data da última das sinaturas electrónicas.

Dona María Rozas Pérez Concelleira de Dereitos e Servizos Sociais, Promoción Económica e Xuventude	Don ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

ANEXO I

ORZAMENTO DESAGREGADO ONDE CONSTAN OS CUSTOS ESTIMADOS DOS CONCEPTOS DO PROXECTO/ACTIVIDADE OBXECTO DO CONVENIO E PARA OS CALES SE SOLICITA A SUBVENCIÓN

/PROGRAMA:“QUENDA DE PROFESIONAIS DA AVOGACÍA CON ESPECIALIZACIÓN EN DEREITO ADMINISTRATIVO E LABORAL PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA E ASESORAMENTO XURÍDICO NA VÍA PREVIA ADMINISTRATIVA E LABORAL”

CONCEPTOS	ORZAMENTO 2026
PROFESIONAIS DESTIANDOS Á REALIZACIÓN DAS TAREFAS OBXECTO DO CONVENIO (RECURSOS, ASISTENCIA...	2.000€
TOTAL	2.000 €

Non poderán incluírse gastos por adquisición de equipamento e material inventariable, nin gastos ordinarios de funcionamento que non estean asociados co proxecto subvencionado. Non poderán ser subvencionados os gastos correspondentes ás retribucións do persoal que non teñan unha relación laboral coas entidades beneficiarias e desenvolvan o proxecto ou programa subvencionado.

Non serán subvencionables gastos de manutención (comidas, consumicións, servizo de restauración, etc), nin tampouco dietas do persoal destinado a desenvolver o proxecto. Deberá terse en conta que calquera das actividades desenvolvidas serán de carácter gratuito e non poderán xerarse ingresos a favor das persoas impulsoras do proxecto, en concepto de pagamento de cotas, entradas, etc.

O orzamento é un orzamento estimado da actividade, polo que, como consecuencia da execución da actividade subvencionada poderanse producir desviacións nos conceptos que o integran, podendo ser compensados uns con outros, sempre que do análise do conxunto da documentación xustificativa se deduza o cumprimento do obxecto do convenio, e sempre que estas desviacións non teñan tal entidade que supoñan a alteración das condicións estipuladas neste convenio para a concesión da subvención.

Conforme ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á Protección das Persoas Físicas, así como na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais, no que respecta ao tratamento de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos no presente convenio e nos seus anexos, incorporaranse a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade de poder atender os compromisos xerados pola relación que mantemos con esta entidade. Así mesmo, informámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade e revocar este consentimento, segundo o previsto na lei mediante un escrito dirixido ó Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2026 e Bases de execución do Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago para o ano 2026, Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.